

Ayuntamiento de A Coruña

Concello da Coruña

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE DATA 22 de decembro de 2009.

Sendo as nove horas do día 22 de decembro de 2009, na Sala de Xuntas da Concellaría de Persoal reúnese a Mesa de Negociación do Excmo. Concello da Coruña, asistindo esta

Por parte da Administración Municipal

- D. José Federico Nogueira Fernández, Tenente de Alcalde delegado de Persoa, que actúa como Presidente
- D. Juan Manuel Díaz Villoslada, Director de Servizos Xerais, Facenda e Interior.
- Dña Loreto Díaz Sánchez, Xefe de Servizo de Persoal
- Dña Lorena Abad Carrera, Xefe de Departamento de Xestión de RR.HH, que actúa como secretaria

Asiches tamén a esta sesión, D. Carlos García Touriñan, Xefe do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

Por parte das seccións sindicais comparece

Como representantes sindicais

- D. Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- Dña. Marina Lorenzo Fernández (CC.OO)
- D. Roberto Tizón Miguens (CIG)
- D. Javier Sobrino Viqueira (UGT)

Como asesores

- D. Jesus Vidal Ulloa (CSI-CSIF)
- D. Alfonso Ben Otero (CC.OO)
- D. Ruben Prado Castiñeiras (CIG)
- D. José Angel Varela Moure (UGT)

A orde do día da presente mesa é o seguinte:

1. Lectura e aprobación, se procede das actas das sesións anteriores.
2. Sistema e Horarios de Traballo do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.
3. Rogos e Preguntas.

En canto ao primeiro punto da orde do día, non se aproba ningunha acta posto que os representantes sindicais manifestan que teñen alegacións que facer.

En relación ao segundo punto da orde do día, o Sr. Presidente pregunta cal foi o resultado das asembleas. D. Roberto Tizón contesta que o resultado da Asemblea Xeral foi favorable, sen votos en contra. Por outra parte, manifesta que observaron un erro no apartado 9, no punto 5 en canto ao incumprimento de presentación. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contesta a devandita cuestión é mellor aclarala no punto terceiro do apartado 9 e propón que a redacción quede como se expón: "Con carácter xeral e para as actividades programadas realizánsese os chamamentos cunha antelación mínima de cinco días, salvo naquelas circunstancias non programadas nas que resulte imposible prever o evento ". Acórdase que a redacción sexa a contida neste acta.

Solicitada votación polo Sr. Presidente sobre o texto do acordo presentado coa matización anteriormente indicada, votan a favor todos os representantes sindicais: CC.OO, CSIF, CIG e UGT.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas, levántase a sesión, do que eu, secretaria, dou fe.